



Uso de teléfonos móbiles e doutros dispositivos electrónicos

Desde o IES Celanova Celso Emilio Ferreiro dirixímonos a vostedes para solicitar a súa colaboración na mellora da convivencia do centro para o curso 2020/2021. Segundo o artigo 19.4 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro de 2015), está prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos.

Temos detectado nos últimos tempos que son moitas as rapazas e rapaces que utilizan no instituto o teléfono móbil, incluso dentro das aulas, polo que nos vemos obrigados/as a requirirlos constantemente, ocasionando conflitos e deteriorando a convivencia entre profesorado e alumnado.

Lembrámoslles que o uso que se fai, na maioría dos casos, por parte das e dos adolescentes do teléfono móbil é abusivo, chegando ás veces a crear adicción. O tempo que pasan no instituto deberían relacionarse, sobre todo nos períodos de lecer, sen necesidade de facelo a través dunha pantalla. Iso forma parte tamén dunha aprendizaxe importante na súa formación como persoas: a socialización.

Cando vostedes precisen poñerse en contacto coas súas fillas ou fillos dispoñen dun teléfono fixo no centro (988-431-565) ao que poden recorrer en caso de necesitalo, do mesmo xeito as súas fillas e fillos poden facer uso del cando o precisen.

Por todo isto, pregamos que na medida do posíbel, agás nos casos que o sentido común así llo indique, falen cos seus fillos/as para que non traian o móbil ao centro e no caso de que sexa indispensable, o manteñan na mochila apagado. Ademais, lembrámoslles que será sempre desde a Secretaría do centro quen se poña en contacto coas familias e non directamente o alumnado.

Moitas grazas pola súa colaboración.

D./D.^a _____, pai/nai/titor-a legal
do alumno/a _____ de _____ curso
da ESO/Bach/FPBásica, grupo _____, confirma estar enterado/a desta
información.

Sinatura e data: